

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 22 DE XANEIRO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintedous de xaneiro de dous mil sete; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centron e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 15 de Xaneiro do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

LICENZAS OBRAS MAIORES.-

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida.

Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

EXPTE. Nº: 27/09/2006/4509-OM/311.

A MIGUELINA AREDA CUIÑAS, con domicilio na rúa Ramal nº 12, Francelos, para levar a cabo as obras de rehabilitación dunha adega para vivenda unifamiliar nun inmovible sito na rúa Laxas nº 23, Francelos segundo o proxecto de execución do arquitecto Don José Benito Davila Fuertes, con visado de data 16 de xaneiro de 2007.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Rehabilitación de Adega para vivenda unifamiliar.

Contía na que se orzan as obras: 48.213,20 euros.

Situación e emprazamento das obras: Laxas nº 23, Francelos..

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: Don José Benito Davila Fuertes.

Nome ou razón social do promotor: Miguelina Areda Cuiñas.

Prazos: Os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non excederá de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

Outras condicións: Consta licencia outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 23 de outubro pasado, mantendose as condicións impostas no devantivo acordo. Non podera iniciar as obras ata que presente no Concello o encargo de dirección do Aparellador. A conexión de saneamento e abastecemento de auga será segundo condicións que fixe a empresa municipal de augas para o cál deberá poñerse en contacto coa mesma. Depositará unha fianza de 500 euros para responder de posibles danos que causen na vía pública.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

CONDICIONS URBANISTICAS.-

Expte: 20/12/2006/5363-CU/371: Vista a solicitude de **Don Mario A. Martíns Abreu**, con domicilio en Val de Pereira nº 3, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita en Val de Pereira nº 22 (Ref. Catastral, 28.41.9-04), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 19.01.07, que literalmente di:

“A ubicación corresponde a unha parcela edificada, onde se encontra construída unha vivenda unifamiliar de B+I, cunha tipoloxía correspondente á arquitectura popular Galega.

Edificación cun parcelario que foi alterado respecto á propiedade orixinal, creándose parcelas de complexa xustificación como unidades arquitectónicas.

Corresponde a unha Edificación Fora de Ordenación, según tipifica o Art. 103 da LOUGA. Parcela ubicada en Solo Urbano, regulado por o Estudio de Detalle Sampaio, Ordenanza UMA-II.

As ampliacións e reformas con intervención estrutural, requirirá a presentación do correspondente proxecto técnico en forma regulamentaria xustificando a intervención.

Deberá xustificarse igualmente o sinalado no Art. 104, Adaptación ao ambiente, de la LOUGA.

Axúntase co presente informe:

- Plano Alienacións, E 1: 500.
- Ordenanza 14.1, USOS MIXTOS, GRADO A”.

Expte: 20/11/2006/5364-CU/370: Vista a solicitude de **Don Mario A. Martíns Abreu**, con domicilio en Val de Pereira nº 3, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita en Val de Pereira nº 22 (Ref. Catastral, 28.41.9-02 e 03), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 19.01.07, que literalmente di:

“A ubicación corresponde a unha parcela edificada, onde se encontra construída unha vivenda unifamiliar de B+I, e en parte unha estrutura sen rematar que corresponde a unha planta baixa.

Edificación que en parte corresponde a un conxunto con tipoloxía correspondente á arquitectura tradicional e parcelado o conxunto orixinal de forma irregular ao igual que os engadidos.

Este conxunto tipifícase como unha Edificación Fora de Ordenación, según sinala o Art. 103-3 da LOUGA.

Corresponde a parcela a Solo Urbano, regulado por o Estudio de Detalle Sampaio, Ordenanza UMA-II.

As ampliacións e reformas con intervención estrutural, que alteren o volume requirirá la presentación do correspondente proxecto técnico en forma regulamentaria xustificando a intervención.

Deberá xustificarse igualmente o sinalado no Art. 104, Adaptación ao ambiente, da LOUGA.

Axúntase co presente informe:

- Plano Alienacións, E 1: 500
- Ordenanza 14.1, USOS MIXTOS, GRADO A”.

Expte: 28/12/2006/5905-CU/1: Vista a solicitude de **Don Adolfo Rodríguez Regatero**, con domicilio na rúa Laxas, Francelos, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita no camiño Travesas- Francelos (Ref. Catastral, 41.40.39.32), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 19.01.07, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 de 23 de marzo de 1987, e no carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA de 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espazo natural Ribeiras do Miño, espazo nº 15, Área 2.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº.252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004, de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de Xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico. DOGA nº 150 de 5 de agosto de 2003, e disposicións concorrentes.

A parcela con Referencia Catastral 41.40.39-32, corresponde a Solo clasificado como Solo Urbanizable, SUB (P/UM).

Sobre dita parcela, atópase construída unha vivenda unifamiliar de planta baixa con uso garaxe e planta primeira a vivenda; a edificación atópase adosada ao lindeiro esquerdo da parcela.

Según as NNSSM, é de aplicación o punto 5 das NNSSM, supeditado ao sinalado por a LOUGA nos seguintes artigos:

- Art. 14-Solo Urbanizable.
- Art. 21,22 e concorrentes, da LOUGA.

Cabe destacar, según o Art. 21 “Réxime do Solo Urbanizable”.

“Os propietarios de solo clasificado como urbanizable terán dereito a usar, disfrutar e dispoñer dos terreos da súa propiedade de acordo coa natureza rústica dos mesmos debendo destinalos a fins agrícolas, forestais, gandeiros ou similares”.

A edificación existente na parcela, é de aplicación o Réxime de Fora de Ordenación, según Art. 103-2.

Axuntase co presente informe:

- Plano NNSSM, E 1: 2.000
- Art. 21 da LOUGA”.

DEVOLUCION DE AVAL.-

Visto o escrito da empresa **U.T.E. Movexvial S.L.-Demain S.L.**, empresa adxudicataria da obra denominada “Pavimentación da rúa Extramuros”, con domicilio na estrada de Madrid , 150 (Km. 5), Vigo, no que solicita a devolución da fianza definitiva da devandita obra, por importe de 9.346,40 euros, a Xunta de Goberno Local, vista a documentación obrante no expediente e transcurrido o prazo de garantía establecido, por unanimidade, acorda acceder o solicitado.

BAIXA NA PRAZA DE ABASTOS.-

Vista a solicitude de **Don Antonio González Giraldez**, con domicilio na rúa San Martín nº 1, no que solicita a baixa nos postos da Praza de abastos (planta baixa, posto 5, Carnicería), a Xunta de Goberno Local, toma coñecemento do escrito presentado, acordando a baixa con data de 18 de xaneiro pasado, acordando comunicarllo o servizo de Intervención os efectos oportunos.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-“ De Aqualia, comunicando resultado de análise de auga de consumo público e da E.D.A.R. de Francelos, correspondente os meses de Novembro e Decembro do Concello de Ribadavia”.

-“Da Deputación Provincial de Ourense, comunicando alta no servizo de teleasistencia domiciliaria”.

-“ Da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, Resolución de 22 de decembro de 2006, concedendo o Concello unha axuda para misións de Protección Civil relacionadas con campañas estacionais de prevención de riscos, por importe de 4.200 euros. Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aceptar a devandita subvención”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

XUSTIFICACION DE SUBVENCION.-

“Vista a subvención concedida a este Concello pola Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, para misións de Protección Civil relacionadas con campañas estacionais de prevención de riscos, por importe de 4.200 euros, a Xunta de Goberno Local, vista a documentación obrante no expediente e o abeiro do artigo 15.2 c) do Decreto 287/2000, acorda o seguinte:

UNICO.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a axuda e que os fondos recibidos foron adicados a tal efecto”.

PLUS NOCTURNIDADE E FESTIVIDADE DA POLICIA LOCAL.-

Co obxecto de establecer criterios obxectivos para a percepción do plus de nocturnidade e de festividade por parte dos membros da Policía Local de Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda o seguinte:

Primeiro.- Para a percepción do plus de nocturnidade será requisito indispensable a realización anual dun mínimo de 28 e un máximo de 31 noites. No suposto de realizar menos ou máis noites das establecidas, descóntarase ou aboarase a cantidade correspondente nas nóminas de Xaneiro ou Febreiro do ano seguinte. Salvo circunstancias excepcionais tratarase de que todos os membros da Policía Local realicen a mesma cantidade de servizos.

Segundo.- Para a percepción do plus de festividade será requisito indispensable a realización anual dun mínimo de 19 e un máximo de 22 días. No suposto de realizar menos ou máis festivos dos establecidos, descóntarase ou aboarase a cantidade correspondente nas nóminas de Xaneiro ou Febreiro do ano seguinte. Salvo circunstancias excepcionais tratarase de que todos os membros da Policía Local realicen a mesma cantidade de servizos.

Terceiro.- Que se inicien os trámites oportunos, co obxecto de introducir ditos criterios no Regulamento da Policía Local de Ribadavia.

Cuarto.- Notificar o presente acordo o Cabo Xefe da Policía Local, os efectos da súa aplicación dende o 01-01-07.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.